

CH.S. PEIRCE E G. FREGE: A SIMPLICIDADE DA TRÍADA

M.Uxía RIVAS MONROY.

Universidade de Santiago.

É usual en Semiótica analizar comparativamente as aportacións dos fundadores da mesma: F. de Saussure e Ch. S. Peirce. A razón é que comparten, dende perspectivas diferenciadas, o proxecto fundacional desta disciplina. Pero, a parte disto, as afinidades entre eles non son realmente significativas.

O obxectivo desta comunicación, sen embargo, é establecer unha comparación entre dous autores tamén coetáneos, Ch. S. Peirce e G. Frege, que si presentan algunhas afinidades. Tanto Frege como Peirce eran lóxicos, e concibiron o estudio do signo en estreita relación coa lóxica. E ámbolos dous empregan modelos de signo triádicos, que revelan profundas semellanzas entre os elementos que configuran estes modelos, a pesares das diferencias terminolóxicas que existen entre eles. A tríada semella ser un xeito de articulación sinxelo e de gran poder explicativo nestes dous autores. Peirce articula todo o seu pensamento en torno a tres categorías: primeiridade, segundidade e terceiridade; noutro plano distinto, Frege fai uso tamén da tríada ó diferenciar tres reinos: mundo interior, mundo exterior, mundo de pensamentos.

1. Lóxica, signo, pensamento e linguaxe

Tanto para Peirce como para Frege a teoría do signo está directamente ligada á lóxica. As ideas de ámbolos dous autores aseméllanse no xeral, aínda que as cuestións de matiz e detalle amosan grandes diferencias entre eles. Os dous autores estarían de acordo en que o pensamento desenvólvese por medio de signos, pero isto, que parecería unha observación trivial, os leva a relacionalo estudio do signo coa lóxica. Segundo Frege a lóxica ocúpase das leis do pensamento, e a este só podemos acceder a través da linguaxe. Segundo Peirce a lóxica en sentido amplo é tamén a ciencia das leis necesarias do pensamento, pero como non hai pensamento sen signos, a lóxica pode considerarse neste sentido como a ciencia das leis xerais dos signos.

A importancia do signo e a súa relación co pensamento é destacada por estes autores, se ben de xeitos diferentes. Para Frege a linguaxe é o vehículo transmisor do pensamento, pero non é constitutiva do pensamento, linguaxe e pensamento son realidades diferentes, independentes aínda que directamente relacionadas. O proceso mental de captar un pensamento non debe confundirse co pensamento mesmo, este é precisamente o contido que é aprehendido nese proceso⁸⁵. Para Peirce, igual que para Frege, os únicos pensamentos que poden ser coñecidos son aqueles que se expresan a través de signos. Pero para Peirce, a diferenza de Frege, os pensamentos son actos mentais⁸⁶, que non teñen ningunha existencia fora da mente, que so existen en tanto se os considera. E máis, para Peirce a mente é un signo, un signo que se desenvolve de acordo coas leis da inferencia.

A análise da linguaxe natural que leva a cabo Frege está estreitamente vinculada cos seus intereses lóxicos. A distinción entre sentido e referencia e a caracterización destas nocións para nomes propios, expresións predicativas e enunciados asertivos pon de releve este feito. Así, a referencia dun enunciado asertivo é un valor de verdade. Se un nome propio que aparece nun enunciado non ten referencia, tampouco a terá o enunciado do que forma parte. O sentido dun enunciado é un pensamento, isto é, todo aquel contido relevante para facer inferencias e que ten que ver coa verdade; non é de estrañar, pois, a equiparación que ás veces se fai entre pensamento e proposición.

Peirce entende a lóxica como a doutrina das condicións formais da verdade dos símbolos, o que, dito noutros términos, é a doutrina da referencia dos símbolos ós seus obxectos. Pero isto é un xeito moi restrinxido e parcial de entende-la lóxica. En realidade esta lóxica así entendida é a semántica. Pero hai un sentido xeral de entende-la lóxica, que consiste en considerala como semiótica. A lóxica como semiótica xa non só se ocupa das relacións entre os símbolos e os seus referentes, senón tamén das relacións entre estes e os seus interpretantes. E xa non só dos símbolos, senón de todo tipo de signos.

É interesante destacar aquí que tanto no caso de Peirce coma no de Frege as súas investigacións lóxicas os levan a ir máis alá da relación lóxica fundamental –que sería a de denotar ou referir–, para aborda-lo estudio doutra relación semántica básica: a de significar. As nocións de sentido, en Frege, e de interpretante, en Peirce, son introducidas para explicar esta relación. Para Frege o coñecemento maniféstase a través dos xuízos. Un xuízo consiste no paso do sentido dun enunciado o seu valor de verdade, isto é, no paso do sentido á referencia. É necesario, pois, ter en conta as dúas relacións lóxicas que se establecen mediante o uso de signos. Pero tamén para Peirce é inconcebible unha rela-

85. Cfr. ([1]: 30-53).

86. “Deberíamos decir que estamos en el pensamiento y no que el pensamiento está en nosotros” ([3]: 73).

ción de semiose que non tome en consideración ó interpretante. Os signos non só se refiren ós seus obxectos, senón que tamén o fan de determinada maneira, xerando os seus respectivos interpretantes.

2. A simplicidade da tríada

En Peirce a tríada é o esquema organizador de todo o seu pensamento, dun modo máis explícito e fundamental que en Frege.

Neste último autor constitúe un xeito de articulación sinxelo, relativo especialmente ó nivel ontolóxico, pois é aquí onde se pon de manifesto a necesidade de recoñecer un “terceiro reino”. Frege distingue, xa que logo, tres reinos: o mundo interior, o mundo exterior e, compartindo rasgos dun e doutro, o mundo dos pensamentos. O mundo interior é o mundo da subxectividade, das emocións, sentimentos, desexos, da actividade e procesos mentais, do privado; Frege aplicou a tódolos fenómenos pertencentes a este mundo o calificativo de “Vorstellungen”, é dicir, representacións en sentido xeral e amplo. O mundo exterior é o mundo da realidade, dos obxectos espacio-temporais, das cousas. Por último o mundo dos pensamentos é o reino dos sentidos, das leis científicas, dos obxectos matemáticos como, por exemplo, os números, etc. Un dos rasgos máis importantes deste reino e dos elementos que pertencen a el é o da obxectividade. Este aspecto é común a pensamentos e obxectos do mundo exterior. Pola contra, a inmaterialidade dos pensamentos é a característica que estes comparten coas representacións. Así pois, o reino dos pensamentos ocupa unha posición intermedia entre o mundo exterior e o mundo interior, coa peculiaridade de estar relacionado co coñecemento –de maneira especial co científico–, e coa verdade.

Para Peirce son tres as categorías básicas que articulan toda a súa produción intelectual e todo o seu pensamento: primeiridade, segundidade e terceiridade. Son innumerables os textos nos que Peirce describe dun xeito e doutro estes elementos, e tamén son variadas as terminoloxías empregadas para falar deles (primano, segundano, terciano). Os nomes de primeiridade, segundidade e terceiridade son sumamente xenéricos, simples e, en principio, parecen non indicar nada máis que a relación de orde que se establece entre eles; así, un primeiro non necesita nada máis que de si mesmo para ser; un segundo precisa necesariamente dun primeiro para ser, pois sen a referencia a un primeiro non habería un segundo. Un terceiro é o que establece a relación entre un primeiro e un segundo, neste sentido un terceiro é sempre un mediador. Peirce chega ó convencemento, despois de estudia-lo tema “dende tódolos puntos de vista” e durante “corenta anos”, de que a segundidade é inapropiada para abarcar todo o que está na mente e de que é inferior nas súas aplicacións á terceiridade, xa que as combinacións de relacións para formar outras novas son sempre relacións triádicas irreductibles a relacións diádicas.

Pero estas categorías, denominadas por Peirce “cenopitagóricas”, representan ideas, que se corresponden respectivamente coa primeiridade, segundidade e terceiridade, tales como a cualidade, o feito e a lei; ou a posibilidade, a acción bruta e a razón; ou sensacións, existentes e necesitantes; ou idea, realidade e pensamento; ou cualidade, reacción e representación; etc. Pódese observar como as categorías de idea, realidade e pensamento se corresponden cos tres mundos sinalados por Frege, e comentados máis arriba. As categorías peirceanas estruturan o modelo de signo, e fundan unha taxonomía dos signos peculiar e fructífera, sempre presente e moitas veces criticada; a máis coñecida destas clasificacións é a de icono, índice e símbolo.

3. A concepción triádica do signo

Saussure consideraba que a relación básica do signo era a de significar, por iso definiu o signo lingüístico en base á díada significante/significado. Nembargante, e coma xa se sinalou, para Peirce e para Frege a relación do signo co obxecto é sumamente importante, pois é a relación lóxica por excelencia. A partir de aquí deseñase entón o modelo triádico do signo ou o proceso de semiose. Isto é, para poder falar de signo ou de representación, segundo Peirce, precísase algo material que vehicule á referencia a un obxecto e que xere un interpretante. É dicir, “un signo ou representamen é un primeiro que está nunha relación triádica xenuína tal cun segundo, chamado o seu obxecto, que é capaz de determinar un terceiro, chamado o seu interpretante, para que asuma a mesma relación triádica co seu obxecto que aquela na que se atopa el mesmo respecto do mesmo obxecto” ([3]:261). Segundo Frege, o signo refírese ó obxecto sempre a través da mediación do sentido.

Así pois, as relacións son tres, e usualmente descríbense recorrendo ó denominado “triángulo semiótico”:

1. Relación signo/sentido ou interpretante;
2. Relación sentido ou interpretante/obxecto;
3. Relación signo/obxecto.

Unha das maiores semellanzas entre Frege e Peirce consiste en destaca-la importancia da relación sgnica coma unha relación triádica non reducible a díadas. Para Frege toda referencia dun signo a un obxecto está mediada polo sentido, é dicir, o signo refírese ó obxecto dalgunha maneira e esta é o seu sentido. Para Peirce é tamén a mediación o rasgo definidor da terceiridade, isto é, da relación que se establece entre o signo e o obxecto a través do interpretante. Por unha parte, Frege reconece como anómalas as relacións que realmente se producen na linguaxe natural onde o signo ten sentido, pero non referencia. Este non é o funcionamento “ideal” do signo, aínda que si soe se-lo habitual nas

linguaxes ordinarias, caracterizadas pola súa imperfección, ambigüidade, etc. para reflexar este uso modélico do signo. Por outra parte, este tipo de relacións diádicas son calificadas por Peirce de “relacións dexeneradas”, fronte a “relación xenuína” que implica a terceiridade. Polo tanto ambos autores estarían de acordo en suliña-la importancia da tríada como relación fundamental, aínda que a profundización nas razóns que teñen para elo amosen intereses e liñas de argumentación ben distintas.

Na definición de semiose de Peirce hai un aspecto que el destaca explicitamente, e que, pola contra, en Frege só se faría presente introducindo consideracións que el mesmo non tivo en conta, pero que, en principio e en aparencia, tampouco suporían grande incompatibilidade co seu pensamento. Peirce recolle, na descripción na que algo funciona como signo, a dimensión de que o interpretante sexa a súa vez un signo, que xere novamente unha relación tríadica, –a única posible da representación–, e así sucesivamente, dando lugar o que se coñece como “semiose ilimitada”. Frege, se ben indica que toda referencia do signo a un obxecto pasa necesariamente pola mediación do sentido, non afirma que esta xere a súa vez unha nova relación semiótica, considerando que o sentido volva a ser un signo.

O modelo de semiose de Peirce é un modelo dinámico, que reflexaría a posibilidade da continua referencia duns signos a outros, aínda que efectivamente, no momento do uso do signo, esa semiose ilimitada non se realice. O modelo de Frege é un modelo estático, que describiría as relacións semánticas básicas do signo, respecto o seu funcionamento ideal, e restrinxido o contexto das linguaxes científicas, onde os signos non son dependentes do contexto (aínda que na súa última etapa prestara máis atención o uso dos signos nas linguaxes naturais e, especialmente a aquelas expresións dependentes do contexto). Pero se temos en conta que un signo sempre ten sentido, aínda que non teña referencia; que o sentido do signo sempre se expresa a través da linguaxe; e que un mesmo sentido pódese expresar de xeitos diferentes; entón, podería pensarse que non hai ningunha imposibilidade lóxica para que Frege recoñecera a remisión continua duns sentidos a outros, ou duns signos a outros.

Nembargante, hai un matiz bastante importante que é necesario destacar. A diferenza de Peirce, para o cal o interpretante é un signo, para Frege sentido e signo son realidades ontoloxicamente distintas. Para Peirce signo e interpretante non son realidades ontoloxicamente distintas, senón loxicamente distintas. Isto é, nun proceso de semiose, o signo é un primeiro e o interpretante un terceiro; o interpretante, ó producir unha nova semiose pasa a ocupa-lo lugar de primeiro, que na súa relación co obxecto volve a xerar un novo interpretante. A natureza do signo e do interpretante é realmente a mesma. Polo tanto podería dicirse, que, en todo caso, o modelo fregeano representaría un corte sincrónico do modelo peirceano, moito máis potente e abarcador; pero é que, ademais, Peirce non distingue entre interpretante e linguaxe –ou pensamento e linguaxe,

en terminoloxía de Frege— como realidades basicamente, ontoloxicamente diferentes. Non hai en Peirce ningún reino de pensamentos eternos, inmutables, alleos ós seres humanos, e que só teñan que ver coa verdade e o coñecemento científico. Para Peirce todo pensamento é un signo, e mesmo os seres humanos son pensamento, son signo; por eso non hai en Peirce ningunha reflexión sobre a linguaxe como separada do pensamento.

A noción de interpretante de Peirce é moito máis complexa e abarcadora que a noción fregeana de sentido. A noción de sentido e de pensamento en Frege esta deseñada para destacar aquel contido das expresións ou enunciados relativo á verdade e as consecuencias lóxicas. Na noción de interpretante Peirce distingue varios tipos: o dinámico, o inmediato e o final. O interpretante final é un terceiro, que representaría a culminación do proceso de semiose e mostraría o efecto pleno e total do signo. O interpretante dinámico é un segundo, un evento singular e real, relativo ós efectos directos realmente producidos polo signo, e experimentados en cada acto de semiose. O interpretante inmediato é un primeiro, unha abstracción, unha posibilidade, consiste na interpretabilidade propia de cada signo, aínda cando este non teña un intérprete concreto, é, en palabras de Peirce, “a parte do efecto do signo que basta para que unha persoa poida dicir se o signo é ou non é aplicable a algo que esa persoa coñeza suficientemente ben” ([3]:145); este interpretante ven coincidir co que usualmente se denomina significado. Dos tres tipos de interpretantes, o interpretante dinámico aseméllase moito ós fenómenos que Frege denominou “Vorstellungen”; o inmediato sería o que estaría máis próximo á noción de sentido de Frege, pero aínda así, a coincidencia só sería parcial. O interpretante inmediato incluíría tamén un fenómeno o que Frege prestou relativamente pouca atención, e que chamaba o “colorido” e “iluminación” das palabras—calificado por Dummett como tono—. Debido a clara distinción que Frege establecía entre pensamento e linguaxe, consideraba o tono como un fenómeno lingüístico, que non formaba parte do sentido do signo, e do que el, como lóxico, se desinteresaba, aínda recoñecendo a súa importancia nas distintas linguaxes naturais.

4. A presenza da tríada no modelo epistemolóxico freigeano e peirceano

Un dos aspectos máis interesantes das propostas de Peirce e Frege é a semellanza que, dende o punto de vista epistemolóxico, presentan as súas teorías acerca do signo, a pesar da diferenza terminolóxica existente entre eles.

Peirce distingue dous obxectos do signo: o obxecto dinámico e o obxecto inmediato. O primeiro, as veces denominado tamén obxecto mediato, é o obxecto exterior ó signo, a realidade extralingüística á que o signo se refire; o obxecto dinámico é “a realidade que de algunha maneira contribúe a determi-

na-lo signo para a súa representación” ([3]:381). O obxecto inmediato é o obxecto interior ó signo, o obxecto tal e como é representado polo signo; neste sentido, e segundo Peirce, o ser do obxecto inmediato depende da súa representación no signo. Pero Peirce en ocasións tamén fala dun terceiro elemento: o “fundamento” do signo.

O signo representa o seu obxecto non en tódolos seus aspectos, senón por referencia a unha idea, que é o fundamento do signo. Este fundamento parece coincidir con esa maneira particular na que a realidade contribúe a determinar como o signo vai representala. O fundamento parece se-la razón do obxecto inmediato, a razón de como o signo representa a realidade dun xeito parcial e perspectival, de como o signo se refire o seu obxecto “nalgún aspecto ou carácter”. A teoría de Peirce parece suxerir que a realidade só pode apprehenderse a través do signo, porque é unha realidade xa semiotizada.

A realidade extralingüística, exterior ó signo, é a que determina ó signo a que a represente dunha determinada maneira, e só deste xeito pódese acceder a ela. Epistemoloxicamente Peirce estaría deseñando un modelo dinámico, novamente triádico, no que habería unha dirección, que podería chamarse “fundante”: obxecto dinámico \rightarrow fundamento \rightarrow obxecto inmediato (\rightarrow signo); e outra que sería precisamente a inversa, e que podería chamarse “fundadora”: (signo \rightarrow) obxecto inmediato \rightarrow fundamento \rightarrow obxecto dinámico.

Frege ó explicar en que consiste o sentido dun nome propio, –aquele que ten por Bedeutung ou referencia un obxecto–, afirma: “o sentido contén a maneira de darse o denotado polo signo” ([2]:41). Intentemos pasar isto á terminoloxía peirceana acabada de comentar. O denotado polo signo podería entenderse como o obxecto dinámico, que ten variadas e distintas maneiras de darse, isto é, diferentes fundamentos, que son recollidos polo sentido do signo. A referencia do signo ó obxecto faise a través do sentido, que representa ó obxecto nalgún aspecto ou cualidade, precisamente pola virtude que ten de conter “a maneira de darse o denotado polo signo”. O signo nunca determina unha Bedeutung na súa totalidade, como realidade en si, senón tal e como o sentido do signo a representa. En todo caso a Bedeutung é o obxecto extralingüístico, exterior ó signo; é o obxecto dinámico; pero o noso coñecemento dese obxecto ó que o signo se refire realízase a través da maneira como o signo representa o obxecto, ben sexa como obxecto inmediato ou como sentido.

A noción fregeana de “maneira de darse o denotado polo signo” e a peirceana de “fundamento do signo” fan que as nocións de sentido e de obxecto inmediato poidan ser consideradas nocións epistémicas, que permiten o coñecemento da realidade, polo proceso dialéctico explicado por Peirce: a realidade determina ó signo a representala dunha determinada maneira, pero o noso coñecemento da realidade non é independente desa representación.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FREGE, G. (1976). *Logische Untersuchungen*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht.
- FREGE, G. (1980). *Funktion, Begriff, Bedeutung*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht.
- PEIRCE, CH.S. (1987). *Obra lógico-semiótica*, Madrid, Taurus.
- PEIRCE, CH.S. (1988). *El hombre, un signo*, Barcelona, Crítica.